

ANUNCIO

O Concello de Rianxo, en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, vai presentar unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na súa oficina de Boiro para a contratación de 5 socorristas dentro do Servizo de Vixilancia de Praias.

Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estaren dispoñibles para o emprego; o artigo 14 da orde de convocatoria establece que terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

Rianxo, venres 23 de xuño de 2023